

SOS. MONSTROS VERDADEIROS AMEAZAN O PLANETA



MARIA G. ROHDE

SINOPSE

SOS MONSTROS VERDADEIROS AMEAZAN O PLANETA, da autoría da escritora e ilustradora sueca, establecida desde hai anos en Cataluña, Marie G. Rohde, correspóndese a unha obra divulgativa dirixida a un mundo lector a partir de seis anos. Na obra ponse de relevo os perigos actuais que ameazan a saúde do planeta Terra, presentados fisicamente a través duns personaxes, ilustrados de forma moi axeitada ao imaxinario infantil, con formas que visualizan claramente os diferentes efectos que están provocando no ambiente. Ao tempo, realiza un chamamento á denuncia e participación activa das nosas nenas e dos nosos nenos na loita ante as consecuencias que da actividade humana se está derivando, por exemplo, para o cambio climático acelerado nos últimos anos. As características divulgativas achegadas contribúen a dotar ao mundo infantil dunha publicación que trata un tema de vital importancia para a nosa sociedade. O tema da contaminación e a proposta dun léxico específico en galego son dous elementos que valoramos de importancia relevante para efecto que a obra persegue alcanzar, ao que contribúe o recoñecido oficio da profesora e tradutora Iria Taibo. ***** "Se uns poucos nenos e nenas podemos acaparar os titulares de todo o mundo só por faltar á escola, imaxínade o que poderíamos conseguir todos xuntos". Greta Thunberg ***** Hai monstros a roldar polo planeta: voan sobre a túa cabeza, viven nas profundidades do mar e mesmo se agochan nos sumidoiros. Provocan treboadas, secan ríos e lagos e escorrentan os animais. O inmenso LIXOKONG, o desagradable NEBODËN, o pegañento GRAXODONTE ou o invasivo URBANOSAURO farán que os monstros que hai debaixo da túa cama parezan simples peluches. E é que estes monstros existen de verdade! Só heroes e heroínas coma ti poden derrotalos! Faite activista e axúdanos a vencer estas malvadas criaturas! ...



Editora	BAIA EDICIONS S.L.
Materia	DIVULGACION
Colección	DIVULGACION DA CIENCIA
EAN	9788499953380
Estado	Disponible
Encadernación	Cartoné
Páxinas	48
Tamaño	310x250x15 mm.
Peso	650
Prezo (Imp.inc.)	20,15€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	07/05/2020

Títulos relacionados